

UN ARTICULO  
DE JOSÉ RAMÓN  
Y FERNÁNDEZ

# O LAMEIRO COMUM

**N**A taberna da Eiradela xúntase polas seráns dos domingos e días de festa o Senado da parroquia de Lameias, constituído polos vedrairos e polos homes feitos, que latican encol de todos os problemas que de lonxe ou de preto lles intresan.

Cando hai papés que leer é o tío Froitoso quen faguendo de lector ilustra a asamblea, que comenta os feitos con intervencións agudas e reiranqueiras.

Adoitan levar a dirección dos debates Xan Fouciño, de Fornelas, e o Severino da Polonia, de Recemel, decote postos un contra do outro e sostendo opinións inconciliables. Demais está o decidir que o Senado tamén está dividido en fornelistas e recemelistas.

Xan Fouciño ten sonda de profundador entre os seus veciños polo ar solene dos seus ditos sentenciosos, que saen do seus beizos envolteitos nunha voz rouca, como a da campá da prima do mosteiro de Valdedeus.

Levan relesando toda a serán encol de si son millores ou piores as cousas e os servicios que se pagan que us os que se reciben de balde. Xan Fouciño asegura que o que non cobra do cliente vai a saír do paso de calquera xeito sin intrés ningún, namentras que cando se lle sacan os cartos a xente, os que os levan precuran esmerarse no seu traballo, e faguelo choi o millor posible, pra xustificar a conta.

—Non hai mais que ver o que pasa cando no Concello parroquial se acorda arranxar os camiños ou facer un carroto por "prestación personal". Todos recuamos, e o que non di ter a vaca parida, é porque se lle rompeu o chedeiro do carro ou crebouse-lleo cabezallo. E os que non teñen con que se desculpar, ¡hai que ver como matan a cobra! Que si agora botan un pito, logo amalloan unha zoca e sempre dicindo que se lles seca a gorxa pra botar un grollo de viño sin pagalo.

—Algo de razón non che falla no que dis, respondeulle o Severo da Polonia, pro non sempre o que traballa o fai de balde, pois aínda no caso que pós, si non forámos nós aos camiños teríamos que pagar a quen os arranxase ou deixalos derramarse co peligro de que se nos rompese o carro, se nos disgraciase unha besta ou calquera de nós, o que nos saíria mais caro.

—¿E os menciñeiros, e os escolantes?, pregunta Xan Fouciño?

—Ningún diles traballa de balde, que todos cobran pra nos atender.

—Así o fan iles.

—¿E que tés que lles decir? ¿Non che sandou a muller daquíl andacio que tivo antano gracias ao coido de don Miguel, que non che podería faguer mais anque lle pagases? Y en canto ao escolante, ¿de que te laías? Si o teu fillo non vai a escola mais que cando chove, ¿cómo qués que adelante? Velei tés os meus rapaces, que todo o deprenderon ha escola pia e leen de corrido, e saben de contas e pódense por ao pé de calqueira que fose a unha escola de pago.

—Leria, lería --contestou Xan Fouciño-- e con aquíl seu ar de profundador que sacaba nas solemnidads, sentenciou moi serio: "as escolas públicas sonche unha lama común, donde todos zomen e ningún se enche".